

INSTRUCCIÓN 21/2021, DA XERENCIA DO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE, SOBRE A PLANIFICACIÓN E A DESIGNACIÓN NAS ÁREAS SANITARIAS DOS EQUIPOS QUE TRABALLARÁN NOS NOVOS PUNTOS DE CRIBADO POBOACIONAL CON TEST RÁPIDO DE ANTÍXENO EN SALIVA

A rápida extensión do contaxio por SARS-CoV-2 mostrou a importancia de dispoñer de probas diagnósticas sensíbeis e específicas que permiten identificar as persoas infectadas por este virus co fin de controlar a súa transmisión e prever a aparición de novos abrochos.

A situación epidemiolóxica actual, na que a taxa de incidencia de casos de infección polo SARS-CoV-2 continúa aumentando, e a aparición dunha nova variante, a Ómicron, que parece ser máis contaxiosa que a predominante ata o de agora, fai necesario reforzar as medidas de vixilancia, prevención e control desta infección.

Por outro lado, a evidencia actual indica que a vacinación contra a COVID-19 é eficaz na diminución da infección, a enfermidade leve, moderada e grave, e a mortalidade por COVID-19. Con todo, é preciso continuar cun dos puntos clave no control da transmisión, a detección de novos casos de COVID-19, para o cal é indispensable a realización de probas que permitan a identificación precoz da infección polo virus SARS-CoV-2.

Por tal motivo, xunto a outras medidas, o Sistema Público de Saúde de Galicia impulsa desde este intre unha actuación dirixida especificamente á prevención de casos no Nadal, en varios puntos de Galicia vinculados a aeroportos, estacións de tren e diversos puntos nas cidades, coa dotación de equipos que realicen probas rápidas de antíxenos en saliva.

Instrucción 21/21

Estes equipos estarán conformados por persoal técnico superior en laboratorio de diagnóstico clínico e por persoal de apoio administrativo. Para estes efectos cómpre recordar que, con independencia das prácticas e protocolos de traballo ordinarios consolidados no tempo, o artigo 3 da Lei 44/2003, do 21 de novembro, de ordenación das profesións sanitarias, o artigo 113.2 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de Saúde de Galicia, e a normativa reguladora do título de Técnico Superior en Laboratorio Clínico e Biomédico, permiten asignar a estes/as profesionais a tarefa de realizar as referidas probas rápidas de antíxenos en saliva.

Con base no que antecede, coa finalidade de impulsar a constitución e a actuación homoxénea destes equipos de traballo, esta Xerencia, no exercicio das competencias atribuídas no artigo 5 do Decreto 137/2019, do 10 de outubro, polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde, procede a ditar as seguintes:

INSTRUCCIÓNS

Primeira. Obxecto e ámbito

De acordo coas directrices técnicas e o protocolo elaborados pola dirección xeral de Saúde Pública da Consellería de Sanidade, as xerencias das áreas sanitarias, no exercicio de súas competencias, planificarán e executarán o proceso de cribado poboacional, mediante probas rápidas de antíxenos en saliva, a través de equipos supervisados por persoal técnico superior en Laboratorio Clínico.

O proceso terá lugar nas estacións de tren da Coruña, Santiago de Compostela, Ourense, Pontevedra e Vigo, nos 3 aeroportos de Galicia e en 14 puntos nas diferentes localidades determinadas polas áreas sanitarias

Instrucción 21/21



coincidentes con éstas e os distritos sanitarios de Galicia.

Para estes efectos as xerencias ditarán as instrucións complementarias que resulten oportunas.

Os test de PCR e antíxenos que se están a realizar nas unidades de atención primaria e hospitalaria para pacientes sintomáticos non verán alterada a súa organización por estas instrucións.

Segunda. Normas xerais

As xerencias das áreas concretarán os lugares e horarios para realizar as probas, e determinarán os equipos de traballo, de acordo cos seguintes parámetros:

1. Designaranse equipos específicos de persoal técnico superior en Laboratorio Clínico para as tarefas de cribado, os cales se axustarán ás directrices técnicas (fichas, protocolos...) elaboradas pola dirección xeral de Saúde Pública.
2. Cada equipo estará formado polo persoal necesario de acordo coa planificación (calendario, horario e número de test) establecida en coordinación con esta Xerencia e a devandita dirección xeral. Conformen os equipos, polo menos, 2 técnicos/as por centro de cribado. O equipo contará con persoal de servizos xerais ou auxiliar administrativo de apoio para o rexistro no sistema habilitado.
3. Os equipos conformaranse, como norma xeral, por persoal seleccionado para tal fin mediante vínculo temporal de emerxencia sanitaria, polo período estimado de entre o 23 de decembro e o 22 de xaneiro. Tamén poderán

Instrución 21/21



proverse estes equipos con persoal xa contratado, baixo a modalidade de emerxencia sanitaria, que estea dispoñible nas áreas.

4. Para designar os equipos específicos terase en conta o número de persoas a cribar e o horario e o calendario de realización das probas, segundo a planificación establecida e os recursos dispoñibles, tomando como referencia os cálculos realizados para outros cribados poboacionais xa executados. En función destes parámetros poderán establecerse equipos en quendas de mañá, de tarde ou ben equipos con xornada partida que combinen horario de mañá e tarde, coas pausas correspondentes.

Terceira. Medidas de protección e EPI

1. En cada centro de cribado habilitarase unha sala sinalizada e diferenciada para a realización das probas, e preferiblemente, se as condicións do centro así o permiten, nunha área o máis próxima posible á porta de entrada do centro. Esa sala contará con sistemas que garantan a ventilación adecuada (ventilación natural ou mecánica) e con contedores de residuos (a ser posible con tapa de apertura con pedal), os cales se xestionarán como residuos de Clase III.

2. Disporase de dispensadores con solución hidroalcoólica ao alcance das persoas destinatarias dos cribados e dos equipos de traballo. Antes de entrar na sala, a persoa destinataria do cribado realizará hixiene de mans e permanecerá coa máscara posta en todo momento, salvo no intre da toma da mostra.

3. O persoal técnico axustarase na realización das probas á ficha técnica do fabricante, e usará os seguintes equipos de protección: bata (de tecido sen tecer desbotable), máscara tipo FFP2, luvas e protección ocular (recoméndase

Instrucción 21/21



pantalla facial). O persoal administrativo usará máscara tipo FFP2. Os equipos de protección serán suministrados pola xerencia de área.

A bata e a máscara desbotaranse unha vez finalice a realización das probas, así como a protección ocular no caso de ser desbotable. Se a protección ocular é reutilizable, introducirase en dobre bolsa de plástico para a súa posterior limpeza e desinfección no correspondente centro sanitario.

4. Habilitarase unha zona/sala/vestiario para que o persoal sanitario poida cambiarse de roupa. A roupa de traballo será facilitada pola xerencia.

Asinado dixitalmente en Santiago de Compostela

O xerente do Servizo Galego de Saúde

José Flores Arias

Instrucción 21/21

